

Premio 8 de Marzo

ESPAZO DE
RECOÑECIMENTO E VALOR
SOCIAL ÁS MULLERES DO
CONCELLO



PRAZO DE PRESENTACIÓN
14 FEBREIRO
(REXISTRO XERAL
CONCELLO DE CARRAL)



CONCELLO
DE CARRAL

CONVOCATORIA DO PREMIO - RECOÑECIMENTO

8 DE MARZO

Dende a Concellería de Igualdade do Concello de Carral, preténdese visibilizar o traballo das mulleres do concello creando un espazo público de recoñecemento social pola súa contribución a diferentes ámbitos da vida, xa sexa persoal, social ou profesional. Un dos obxectivos da Concellería de Igualdade é visibilizar e dar valor ás achegas das mulleres en todos os ámbitos da vida. Ademais, preténdese fomentar o empoderamento das mulleres do concello e por iso propoñemos, entre outras accións, crear un evento que poña no punto de mira as cidadás de Carral que supoñan un referente no ámbito público o privado.

Poderán ser presentadas como candidatas calquera muller vinculada ao noso concello, ben sexa por nacemento ou vinculación persoal, laboral ou profesional. Pódense acreditar méritos de tipo social, laboral, solidario, familiar, de coidados, etc. que supoñan un referente para a cidadanía. As candidaturas deberán ser presentadas ou propostas por escrito, ben por unha persoa a título individual ou a través dunha asociación ou de calquera entidade rexistrada no Rexistro Municipal de Entidades. As propostas irán acompañadas da biografía da candidata, xustificación da proposta, así como toda a documentación que se considere xustificativa.

As candidaturas deberanse presentar no rexistro xeral do Concello de Carral.

Convocatoria Mulleres de Carral
Rexistro Xeral
Concello de Carral
Campo da Feira, s/n
15175 Carral.

O prazo de presentación de candidaturas finaliza o
14 de febreiro de 2.020 ás 23:59 horas.

No ano 2.020 a elección da candidata elixida “Premio 8 de Marzo” levará a cabo un xurado composto polos seguintes membros:

A concellería de Igualdade

Unha representante de cada partido político que se presentou ás derradeiras eleccións municipais

Unha das traballadoras sociais do Concello que actuará de secretaria e terá voz pero non voto.

Cando se atope constituído o Consello de Participación Cidadá da Muller, ou o Consello da Muller, as compoñentes deste Consello serán o xurado do premio

O acordo adoptado polo xurado será irrevogable.

Participar nesta convocatoria supón aceptar as bases que a regulan.

A homenaxe consistirá nun recoñecemento público da elixida que terá lugar con motivo da celebración no mes de marzo dos actos institucionais do Día da Muller no Concello.